

Ante as dúbidas suscitadas sobre a correcta disposición dalgúns apelidos co fin de elaborar listados ordenados alfabeticamente, e tendo en conta diversas regras de catalogación publicadas,

ESTA SECRETARÍA XERAL fai as seguintes recomendacións:

1) A orde alfabética farase polo primeiro apelido, no caso de coincidencia tamén polo segundo, e no caso de que tamén este coincida, polo nome.

Non obstante, se os medios técnicos o permiten, deberíanse alfabetizar polo segundo apelido, de conformidade coas linguas orixinais, os nomes dos portugueses, suecos, noruegueses, daneses, fineses e rusos (*Canotilho, J. Gomes*). Nos nomes anglosaxóns o apelido é sempre a última palabra do nome, agás que sexa composto (*Mill, John Stuart*). Os nomes chinos, vietnamitas e coreanos adoitan alfabetizarse como se escriben (*Giao Xingjian*).

2) Na alfabetización dos apelidos teranse en conta así mesmo as seguintes regras:

- Os apelidos compostos deberían ordenarse sen ter en conta o guión.
- A conxunción “e” (“y” en español, “i” en catalán) adoita ignorarse na orden alfabética.
- Os dígrafos “ch” e “ll” non forman letras específicas (orde: *Calatrava-Chacón-Codesido*).
- As formas “San” e “Santa” forman parte do apelido (*San Antón López, Mercedes*).

3) Cando ao apelido lle preceden partículas, séguese a regra vixente na lingua correspondente:

- Nas *linguas de España* pospóñense as preposicións que preceden aos apelidos (*Río, Antonio del; Ors, Eugenio d'; Fonseca, Alonso de; Torre, Pedro de la*). Pero antepóñense os artigos sen preposición que precedan ao apelido (*Las Heras, M. A.*), e incluso os artigos con preposición se van unidos ou enlazados ao nome (*La-Rosa Toro, A. de*).
- En *portugués* posponse a partícula (*Santos, J. dos*).
- En *alemán* pospóñense as partículas cando se trata de preposición ou de preposición e artigo separados (*Platen, K.G. von*). Pero antepóñense *Am, Zum, Zur* (*Am Ende, J.G.; Zum Winkel, K.*).
- En *danés, noruegués e sueco* posponse a partícula cando é de orixe escandinava ou xermánica (*Linné, Carl von*); pero as partículas doutra orixe antepóñense (*La Cour, J.L.*).
- En *francés* comézase polo artigo ou pola contracción de preposición e artigo (*L'Espinoy, Ph. de, Du Hamel, J.B, Le Bris, J.-M.*). No caso de preposición soa comézase pola parte do nome que a segue (*Anglemont, É. d'*).
- En *holandés e flamenco* posponse a partícula, agás «ver» (*De Vries, A.; Naderwijk, K.J.R. van; Ver Boven, D.*). Os holandeses aplican o mesmo con apelidos doutras linguas (*Faille, J.B. de la*), pero os belgas seguen as normas destas (*Du Jardin, Th.*).
- En *italiano* empézase pola partícula (*D'Annunzio, G.; Della Porta, G.; Li Volpi, P.*).
- En *inglés e irlandés* adoita empezarse polas partículas *De, De la* (*De Quincey, Th.*).
- Considéranse inseparables do apelido as partículas que no sexan nin preposición, nin artigo, nin contracción de ambos e que adoitan indicar relación familiar (*Mac, O', Fitz, A', Ap, Abu, Ihn, Bar, Ben*, etc.) Cando *Mac, Fitz* y *Ker* están abreviadas (*McDonald, M'Donald, M'Donald*), é preferible escribilas con todas as letras nos encabezamentos (*MacDonald, J.; Fitz Gerald, A.O.*).

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2004

© SECRETARIO XERAL

Joaquín Rodríguez-Toubes Muñiz

Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica